

## INDICE

-INTRODUCCIÓN .....	páx. 2
-CONTEXTUALIZACIÓN.....	páx. 3
-CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE .....	páx. 6
-OBXECTIVOS ESO.....	páx.9
-OBXECTIVOS BACHARELATO .....	páx.11
CONTIDOS, TEMPORIZACIÓN	
ESTÁNDARES APRENDIZAXE, CC, CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:	
2º ESO .....	páx. 17
4º ESO .....	páx. 26
2º BACHARELATO.....	páx.37
-METODOLOXÍA DIDÁCTICA.....	páx. 43
-RECURSOS.....	páx. 45
-AVALIACIÓN :	
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN .....	páx. 46
AVALIACIÓN INICIAL.....	páx. 47
AVALIACIÓN CONTÍNUA .....	páx. 47
AVALIACIÓN FINAL/EXTRAORDINARIA .....	páx. 48
SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE .....	páx. 49
MINIMOS ESIXIBLES PARA ACADAR UNHA AVALIACION POSITIVA .....	páx.51
-INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR :	
O PROCESO DE ENSINO.....	páx. 58
A PRÁCTICA DOCENTE.....	páx. 59
-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	páx. 61
-ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....	páx. 62
-ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES .....	páx. 63
-MECANISMOS DE CONTROL E SEGUIMIENTO DA PROGRAMACIÓN .....	páx.



## INTRODUCCIÓN

O papel heurístico das linguas constitúe un reto para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo; como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento.

Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, e tamén sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de xeito específico, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Así, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias dos coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, así, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido.

Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural pónense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto polos dereitos fundamentais



## **CONTEXTUALIZACIÓN**

### **CARACTERÍSTICAS DO CENTRO**

O Instituto Eduardo Blanco Amor foi inaugurado o ano 1966, sendo o segundo instituto de Ourense sostido con fondos públicos. Ofrece estudos de ESO e Bacharelato diúrno e de Adultos, nas especialidades de Ciencias, Humanidades e Ciencias Sociais. Está situado na localidade de A Ponte en Ourense, e comparte zona co IES 12 de Outubro. O barrio de A Ponte é o que ten máis poboación e máis nenos da cidade de Ourense, cun 12,9% dos nacementos na cidade, pero tamén é o que ten o menor índice de nivel cultural (expresa a porcentaxe de poboación con estudos secundarios ou universitarios), cun un 59,1% da poboación.

### **RECURSOS HUMANOS**

#### **Características do alumnado**

O número de alumnos, actualmente, ascende a 609, máis 35 no bacharelato de adultos. A gran maioría do alumnado de ESO procede dos colexios adscritos: o CEIP de Prácticas, o CEIP Albino Núñez, CPR Cardenal Cisneros (1º Bach), CPR María Auxiliadora (1ª Bach) e CPR Maristas Santa María (1º Bach). Case todos son veciños da barriada coñecidos entre si; o índice de inmigración na zona é mínimo e non existen problemas de integración, por tanto, o clima de convivencia no instituto pódese considerar como aceptable.

Hai que ter en conta, con todo, a existencia de casos concretos, perfectamente detectados, de alumnos e alumnas con características disruptivas graves, que distorsionan reiteradamente o clima de convivencia na aula e no Centro, o que repercute negativamente no ánimo do profesorado e no normal desenvolvemento da actividade docente. Gran parte do esforzo do profesorado concéntrase neles e o seu tratamento demanda unha atención personalizada e constante por parte de titores, departamento de orientación e xefatura de estudos, que moitas veces non conta coa colaboración das familias.

A parte disto, non se observan problemas de maior gravidade, tan só os propios da adolescencia. Neste sentido, supón un exercicio diario para o profesorado ensinar aos seus alumnos e alumnas a respectar os bens públicos, transmitíndolles responsabilidade e esmero no bo uso das instalacións e materiais do Centro.

Tamén actuar de mediador para solucionar os conflitos que xorden entre eles: rivalidades persoais, situacións de acoso, etc. Estes problemas de convivencia entre iguais aparecen principalmente nos primeiros cursos da ESO, e fundamentalmente con alumnos pouco motivados no académico; a súa resolución require dun diálogo constante e, ás veces, medidas disciplinarias disuasorias.



### **Características do profesorado do Centro**

O persoal docente que constitúe o Claustro de profesores está integrado por 63 profesores e profesoras. Trátase dun colectivo que destaca pola súa magnífica formación e o seu compromiso coa actividade educativa.

A participación do profesorado en todas as actividades do Centro é altamente satisfactoria; ademais do traballo lectivo, o profesorado involúcrase e potencia programas e actividades complementarias e extraescolares.

A convivencia tanto entre os diferentes sectores da comunidade educativa é, a día de hoxe, así mesmo, boa.

### **Características do persoal de administración e servizos**

O persoal non docente desempeña un labor indispensable no Centro, absolutamente imprescindible para o correcto funcionamento da institución, facilitando as tarefas aos demais membros da comunidade educativa. É fundamental que desenvolvan o seu labor nun bo ambiente de traballo e nas mellores condicións, xa que o seu traballo reverte no bo funcionamento do Centro. O grao de coñecemento que este sector ten do alumnado e a súa implicación para con este, facilita notablemente o grao de orde, puntualidade e seriedade nas diferentes funcións.

Na actualidade, o Centro conta con: 2 administrativas, 3 conserxes, 4 limpadoras e unha cuidadora.

### **DEPARTAMENTO DE FRANCÉS**

O Departamento de Francés está composto por tres membr@s. A Xefa de Departamento: M<sup>a</sup> Magalí F. Baladrón Zeeh, con destino definitivo no Centro dende este curso, Marisol Seoane Vieira, interina e Alfonso Masa, profesor de EF coa materia de Francés coma afín. O reparto de grupos e horas queda coma segue :

1º ESO :


B, D : (4 horas) : Alfonso Masa

C, E, F : (8 horas) : Marisol Seoane Vieira

2º ESO :

5 grupos (10 horas) : A, B, C, D, E : M<sup>a</sup> Magalí Baladrón Zeeh

3º ESO : A, B e C (8 horas): Marisol Seoane Vieira



4º ESO :

(A+B) (3 horas): M<sup>a</sup> Magalí Baladrón Zeeh

(C+D) (3 horas) : Marisol Seoane Vieira

1º BAC (4 horas) : Marisol Seoane Vieira

2º BAC (3 horas): M<sup>a</sup> Magalí Baladron Zeeh

Este curso non hai ningún grupo d 1ª lingua estranxeira



## **CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

A asignatura “Segunda Lingua Estranxeira : Francés” xoga un papel relevante para que o alumnado adquiera as competencias clave :

### **1. Competencia en comunicación lingüística**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira contribúe á adquisición da competencia en comunicación lingüística de xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. Unha aprendizaxe da lingua estranxeira baseada no desenvolvemento de habilidades comunicativas, contribuirá ó desenvolvemento de esta competencia básica no mesmo senso que o fai a primeira lingua. Agora ben, a aportación da lingua estranxeira ó desenvolvemento desta competencia é primordial no discurso oral ó adquirir as habilidades de escoitar e conversar, unha relevancia singular nesta etapa. Asimesmo, a aprendizaxe dunha lingua estranxeira, mellora a competencia comunicativa xeral ó desenvolver a habilidade para expresarse, oralmente e por escrito, utilizando as convencións e a linguaxe axeitada a cada situación, interpretando diferentes tipos de discursos en contextos e con función diversas. Por outra banda, o recoñecemento e a aprendizaxe progresiva de regras de funcionamento do sistema da lingua estranxeira, a partir das linguas que se coñecen, mellorará a adquisición desta competencia.

### **2. Competencia dixital**

As Tecnoloxías da Información e a Comunicación ofrécennos a posibilidade de comunicarnos en tempo real con calquera parte do mundo e tamén acceso sinxelo e inmediato a un fluxo incesante de información que medra cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira fai mais doado o acceso á información que se pode atopar nesta lingua, o tempo que ofrece a posibilidade de comunicarnos. Ademais, fai mais doada a comunicación persoal a través do correo electrónico e en intercambios con xóvenes doutros lugares e, o que é mais importante, crea contextos reais e funcionais de comunicación. Asimesmo, na medida na que a lingua estranxeira esixe o contacto con modelos lingüísticos moi diversos, a utilización de recursos dixitais para a aprendizaxe é inherente á materia e o seu uso cotiá contribúe directamente ó desenvolvemento desta competencia.

Asemade, estas ferramentas técnicas relacionadas coa selección, tratamento, organización, representación gráfica ou comunicación de información, adquire un especial valor engadido cando se coñecen varias linguas estranxeiras, xa que unha parte sustancial da información está en idiomas distintos do castelán. Neste senso, a aprendizaxe doutras linguas axuda á adquisición de todo tipo de coñecementos, incluíndo aqueles que constitúen o marco ideal



para o desenvolvemento da **competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.**

### **3. Competencias sociais e cívicas**

O Francés como segunda lingua estranxeira é un bo vehículo para o desenvolvemento da competencia social e cidadá. As linguas serveen ós habitantes para comunicarse socialmente, forman parte da cultura común das diferentes comunidades e nación. Pero tamén, en gran medida, son vehículo de comunicación e transmisión cultural e favorecen o respecto, o interese e a comunicación con falantes doutras linguas e o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento. O intercambio de información persoal axuda a reforzar a identidade dos interlocutores. Por outra banda, en lingua estranxeira é especialmente relevante o traballo en grupo e parellas e a través destas interaccións apréndese a participar, a expresar as ideas propias e a escoitar as dos outros, desenvólvese a habilidade para construír diálogos, negociar significados, tomar decisión valorando as aportacións dos compañeiros, acadar acordos e, en definitiva, favorécese aprender de e con os demais.

### **4. Competencia en conciencia e expresión culturais**

Esta materia inclúe especificamente un achegamento a manifestacións culturais propias da lingua e dos países nos que se fala, e polo tanto, contribúe a adquirir a competencia artística e cultural ó propiciar unha aproximación a obras ou autores que contribuíron á creación artística. Igualmente, o área contribúe ó desenvolvemento desta competencia se se facilita a expresión de opinión, gustos e emocións que producen diversas manifestacións culturais e artísticas e se se favorecen os traballos creativos individuais e en grupo, coma a realización e representacións de simulacións e narracións. En definitiva, transmitir na lingua estranxeira o coñecemento e a apreciación da diversidade cultural a partires de manifestacións artísticas, contribuirá ó desenvolvemento desta competencia.

### **5. Competencia para aprender a aprender**

A partires da adquisición da linguaxe, é esta convértese en vehículo do pensamento humano, en instrumento para a interpretación e representación da realidade e na ferramenta de aprendizaxe por excelencia. Esta materia contribúe pois, de xeito esencial, ó desenvolvemento da competencia para aprender a aprender xa que acrecenta a capacidade lingüística xeral, conferíndolle novas potencialidades e recursos diferentes para a comprensión e expresión, facilitando ou completando a capacidade dos alumnos para interpretar ou representar a realidade e construír coñecementos, formular hipóteses e opinións, expresar e analizar sentimentos e emocións. Por outra banda, a competencia para aprender a aprender rentabilízase enormemente se se inclúen contidos directamente



relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada alumno poida identificar cómo aprender mellor e qué estratexias os fan mais eficaces. Esta é a razón da inclusión no currículo dun apartado específico de reflexión sobre a propia aprendizaxe que xa se iniciou na Educación Primaria pero que debe adquirir nesta etapa un maior grao de sintetización. O desenvolvemento de estratexias diversas para aprender a aprender prepara ó alumnado de xeito progresivo á toma de decisión que favorecen a autonomía para utilizar e para seguir aprendendo a lingua estraxeira ó longo da vida.

#### **6. Autonomía e iniciativa persoal**

O coñecemento dunha lingua estranxeira contribúe tamén á adquisición da autonomía e iniciativa persoal, en varios sentidos. O currículo fomenta o traballo cooperativo na aula, o manexo de recursos persoais e habilidades sociais de colaboración e negociación, o que supón poner en funcionamento determinados procedementos que permiten o desenvolvemento de iniciativas e toma de decisión na planificación, organización e xestión do traballo, propiciando así a autonomía e a iniciativa persoal.





### **OBXECTIVOS ESO**

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na



língua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada


l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.



### **OBXECTIVOS BACHARELATO**

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida
- j) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das




condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viari



2º ESO

CONTIDOS 1ª AVALIACIÓN

	<b>FUNCIÓNS COM UNICATIVAS</b>	<b>ESTRUTURAS SINTÁCTICO-DISCURSIVAS</b>	<b>LÉXICO</b>	<b>FONÉTICA</b>
UNITE 0 et 1 (10/11 sesións)	- REVISION - Falar do(s) deporte(s) que se practica(n) - Decir coma nos sentimos - Dar ordes - Expresar a causa- Falar do que facemos durante a xornada ( <i>Les activités quotidiennes</i> ) A estrutura do discurso A frecuencia A hora	- Verbos <i>pouvoir, vouloir * infinitif</i> - Verbo <i>mettre</i> - <i>Parce que</i> - Imperativo - <i>impératif affirmatif</i> - Adxectivos posesivos  - Verbos pronominais - Futur proche - interrogación - preposicións	- O corpo - Os movementos - Os deportes - As sensacións  A hora As actividades cotiás  Saídas e aloxamentos	Os sons específicos do francés. Repaso
Exame : (a data concretarase 2 semanas antes mínimo)				
UNITE 2 (10/11 sesións)	- Falar do barrio, cidade - falar dos medios de transporte - Dar e pedir un itinerario - comprender instrucción - expresar a obriga e a prohibición	<i>Obliga : Il faut/ il ne faut pas</i>  <i>Devoir, prendre</i>	Números Vocabulario da cidade preposicións	Os sons específicos do francés
Exame : (a data concretarase 2 semanas antes mínimo)				

CONTIDOS 2ª AVALIACIÓN

	<b>FUNCIÓNS COM UNICATIVAS</b>	<b>ESTRUTURAS SINTÁCTICO-DISCURSIVAS</b>	<b>LÉXICO</b>	<b>FONÉTICA</b>
UNITE 3 (10/11 sesións)	Proponer Aceptar Rexeitar  Expresar a cantidade	<i>Commencer, boire, manger,</i> Adverbios cantidade Os artigos partitivos Pronome EN	- os alimentos - as bebidas - as comidas	Os sons específicos do francés. Repaso
Exame : (a data concretarase 2 semanas antes mínimo)				



UNITE 4 (10/11 sesións)	Pedir permiso Falar por teléfono	Falar das actividades de ocio e tempo libre  <i>pouvoir, attendre, vouloir</i>  Pronomes persoais COD e COI, Y	Actividades de ocio Deportes Tempo libre	Os sons específicos do francés. Repaso
Exame : (a data concretarase 2 semanas antes mínimo)				

**CONTIDOS 3ª AVALIACIÓN**

	<b>FUNCIÓNS COM UNICATIVAS</b>	<b>ESTRUTURAS SINTÁCTICO-DISCURSIVAS</b>	<b>LÉXICO</b>	<b>FONÉTICA</b>
UNITE 5 (10/11 sesións)	Dar, pedir o prezo, talla, número de calzado - Falar da roupa e da moda - Falar dos gastos dos xóvenes	- Verbos <i>acheter, essayer, sortir</i> - <i>Conditionnel de politesse</i> - expresar un de sexo - comparación	-As tendas, as compras - A roupa - Os números (as grandes cifras) - <i>l'argent de poche</i>	Os sons específicos do francés.
Exame : (a data concretarase 2 semanas antes mínimo)				
UNITE 6 (10/11 sesións)	- Falar das vacacións - Escribir cartas, mensaxes... - comprender anuncios  Narrar en pasado	- <i>Passé Composé con ÊTRE y AVOIR</i> - <i>Négation</i>	- A meteoroloxía - Lugares de vacacións - Actividades vacacionais	Os sons específicos do francés
Exame : (a data concretarase 2 semanas antes mínimo)				

	<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>	<b>CC</b>	<b>CRITERIOS AVALIACIÓN</b>	<b>INSTRUMENTOS AVALIACIÓN</b>
--	----------------------------------	-----------	-----------------------------	--------------------------------




BLOQUE 1: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS	- Comprende preguntas básicas sobre asuntos traballados	CCL CAA CCEC CD	Comprender preguntas e información relativas a información persoal e pública básica, así como instrucións e peticións na aula	- Observación sistemática no aula (elaboración de listas de control da ausencia ou presenza de determinadas conductas e accións) - Probas orais (unha mínimo) no exame ó remate de cada unidade
	- Comprende frases e expresións habituais sobre pequenas necesidades inmediatas na aula	CCL CAA CCEC CD		
	- Comprende o sentido global e a información máis salientable de textos orais sobre estruturas traballadas na unidade	CCL CAA CCEC CD	Comprender o sentido global e informacións específicas de mensaxes orais básicas, cara a cara ou gravadas, sobre situación traballadas	
	- Comprende a información esencial dunha conversa breve na que participa, sobre asuntos previamente traballados na aula	CCL CAA CCEC CD	Comprender o esencia en conversas básicas e breves sobre temas cotiás	
BLOQUE 2 : PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS	- Amona unha actitude positiva cara a lingua estranxeira e esforzase por empregala no aula - Pronuncia, aínda con erros, o léxico correspondente á unidade	CSIEE CCL CAA CCEC CD	Pronunciar de xeito intelixible, aínda con erros	- Observación sistemática no aula (elaboración de listas de control da ausencia ou presenza de determinadas conductas e accións) - Exposicións orais no aula - Exame ó remate de cada unidade
	- Utiliza as fórmulas de cortesía máis sinxelas e habituais - Fai e responde preguntas sinxelas sobre si mesm@ e @s demais	CCL CAA CCEC CD	Interactuar de xeito sinxelo en intercambios estruturados, colaborando por entender e facerse entender	
	- Desenvólvese entendendo e facéndose entender en situacións moi habituais traballadas anteriormente	CCL CAA CCEC CD	Intercambiar información sobre si mesm@	
	- Participa e faise entender en conversas básicas e informais cara a cara sobre temas traballados	CCL CAA CCEC	Dar e obter información sobre temas traballados en clase	
BLOQUE 3: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	- Lee e comprende textos adaptados ós seus intereses	CCL CD CAA CSIEE	Utilizar estratexias de lectura para identificar a información máis importante	- Control sistemático do traballo do alumn@ na aula e na casa (Caderno de clase, caderno de exercicios, fichas entregadas polo profesor@) - Probas escritas
	- Comprende avisos, obrigas, prohibicións e consignas básicas na aula	CCL CAA CCEC	Seguir instrucións e consignas, comprender avisos e obrigas	
	- Lee e comprende información básica de correspondencia persoal	CCL CAA CCEC	Comprender información relevante e previsible en	



	- Comprende e localiza información esencial en calquera soporte, sobre temas traballados na unidade	CC CAA CCEC CD	textos breves sobre temas traballados, mesmo cando teñan certa dificultade (con apoio visual)	(unha mínimo) no exame ó remate de cada unidade
BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	- Elabora textos sinxelos a partir de modelos empregando expresións e estruturas traballadas previamente	CCL CD CAA CSIEE	Aplicar estratexias para producir textos escritos a partir de modelos  Completar documentos nos que se solicite información persoal  Escribir mensaxes sinxelas en calquera soporte	- Control sistemático do traballo do alumn@ na casa (Caderno de clase, caderno de exercicios, fichas entregadas polo profesor@)  - Probas escritas (unha mínimo) no exame ó remate de cada unidade
	- Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica	CCL CAA CCEC CD		
	- Escribe avisos, notas... en calquera soporte	CCL CAA CCEC CD		
	- Escribe correspondencia breve e sinxela a partir dun modelo	CCL CAA CCEC CD		
BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL E PLURLINGÜE	- Identifica os sons e grafías de fonemas básicos e produce con intencionalidade léxico e estruturas básicas traballadas na unidade	CCL CAA CCEC CD	Discriminar patróns sonoros e rítmicos  Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas e de puntuación  Utilizar os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos  Distinguir e levar a cabo o demandado  Participar en proxectos transversais	- Observación sistemática do alumn@ na aula  - Probas escritas e orais (mínimo unha de cada) no exame ó remate de cada unidade
	- Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira	CCL CD CAA CCEC		
	- Toma en consideración experiencias e coñecementos noutras linguas nas actividades de aula	CCL CD CAA CCEC		
	- Participa en proxectos nos que se usan varias linguas	CCL CD CAA CCEC		
	- Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa	CCL CAA CCEC		






**4° ESO**

---


**CONTIDOS 1ª AVALIACIÓN**



	<b>FUNCIÓNS COM UNICATIVAS</b>	<b>ESTRUTURAS SINTÁCTICO-DISCURSIVAS</b>	<b>LÉXICO</b>	<b>FONÉTICA</b>
UNITE 1 (16/17 sesións)	-Facer propostas e suxerencias -Facer suposicións -Expresa-la duración -Re confortar, asegurar	-O feminino -O superlativo absoluto -O superlativo relativo -Os adverbios de cantidade -O futuro dalgúns verbos irregulares - Facer una hipótese en presente -Particularidades dos verbos do 1º grupo	-Adxectivos de personalidade -Os sentimentos	Sons específicos do francés Repaso
Exame: (a data concretarase 2 semanas antes mínimo)				
UNITE 2 (16/17 sesións)	-Saudarse presentarse formalmente por teléfono - Formular una solicitude de xeito formal -Pedir información sobre as habitacións de hotel -Informarse sobre o prezo dunha habitación de hotel	-Os pronomes persoais COD, COI, tónicos, reflexivos - Pronomes persoais agrupados -Os pronomes posesivos -C'est...qui...(la mise en relief) -Emprego dos auxiliares -Os auxiliares cos verbos de movemento -O futuro dalgúns verbos irregulares	-A carta formal - A mensaxe informal	Sons específicos do francés
Exame: (a data concretarase 2 semanas antes mínimo)				

**CONTIDOS 2ª AVALIACIÓN :**

	<b>FUNCIÓNS COM UNICATIVAS</b>	<b>ESTRUTURAS SINTÁCTICO-DISCURSIVAS</b>	<b>LÉXICO</b>	<b>FONÉTICA</b>
UNITE 3	-Expresar a vontade	-Gramática do	-O francés	Sons



(16/17 sesións)	-Expresar o de sexo -Ofrecer unha alternativa -Expresar unha condición, unha hipótese	francés falado -Expresión do tempo (I) -A hora -Os prezos -Operaciones matemáticas -Pronomes EN e Y -Conditionnel présent -Hypothèses à l'imparfait	familiar	específicos do francés
Exame: (a data concretarase 2 semanas antes mínimo)				
UNITE 4 (16/17 sesións)	-Informarse sobre unha viaxe e responder -Preguntar a alguén se está ó tanto d algo e responder -Facer unha promesa - Aconsellar	-Os pronomes demostrativos -Os adverbos de tempo -Expresión do tempo (II) -Conditionnel des verbes irréguliers	-O instituto	Sons específicos do francés
Exame: (a data concretarase 2 semanas antes mínimo)				

**CONTIDOS 3ª AVALIACIÓN:**

	<b>FUNCIÓNS COMUNICATIVAS</b>	<b>ESTRUTURAS SINTÁCTICO-DISCURSIVAS</b>	<b>LÉXICO</b>	<b>FONÉTICA</b>
UNITE 5 (16/17 sesións)	-Expresar a dúbida -Expresar a extrañeza -Expresar a indecisión -Expresar o asco -Agradecer	-Arigos partitivos -Pronomes demostrativos neutros -Aussi/ Non plus -Adxectivos e pronomes indefinidos -ne...que	Animais	Sons específicos do francés
Exame: (a data concretarase 2 semanas antes mínimo)				
UNITE 6 (16/17 sesións)	-Prohibir -Expresar o nerviosismo -Estilo indirecto -Dar informacións aproximativas -Acusar -Negar ter feito algo	-O plural -Il est+adjectif+de+infinitif -O discurso indirecto -Subjonctif présent	A Unión Europea	Sons específicos do francés
Exame: (a data concretarase 2 semanas antes mínimo)				
	<b>ESTÁNDARES APRENDIZAXE</b>	<b>CC</b>	<b>CRITERIOS AVALIACIÓN</b>	<b>INSTRUMENTOS AVALIACIÓN</b>
COMPREENSIÓN DE TEXTO	- Persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa, nas actividades de aula	CCL CAA CSC CCEC	Identificar o sentido xeral, puntos principais e información máis	- Observación sistemática no aula (elaboración de listas de




	-Capta os puntos esenciais e detalles salientables en textos orais sobre temas traballados na unidade	CCL CAA CSC CCEC CD	importante en textos orais breves e ben estruturados traballados previamente, de viva voz ou gravados, a velocidade lenta ou media	control da ausencia ou presenza de determinadas conductas e accións)
	- Comprende, nunha conversa formal ou entrevista, preguntas sobre asuntos persoais ou educativos, traballados previamente	CCL CAA CSC CCEC CD	Comprender o esencial en situacións que impliquen solicitude de información xeral	-Probas orais (mínimo unha) no exame ó remate de cada unidade
	- Entende o léxico traballado na unidade - Entende información relevante do que se lle di en xestións cotiás	CCL CAA CSC CCEC	Comprender o esencial en conversas sinxelas sobre temas traballados (descripcións, narracións, puntos de vista e opinións)	
	- Comprende, nunha conversa informal, descripcións, narracións, puntos d vista e opinións	CCL CAA CSC CCEC	Comprender o sentido xeral e información relevante en presentación sinxelas sobre temas traballados e de programas de televisión	
	- Identifica iformación esencial en programas de televisión e presentacións sinxelas, ou en calquera outro soporte, sobre temas traballados previamente e cando as imaxes formen parte da mensaxe	CCL CAA CSC CCEC CD		
BLOQUE 2 : PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS	-Fai presentacións breves e ensaiadas sobre temas traballados en clase	CCL CAA CSC CCEC	Pronunciar de xeito intelixible aínda con erros	
	- Participa en conversas informais, breves e sinxelas, cara a cara ou por teléfono, utilizando o léxico da unidade	CCL CAA CSC CCC CD	Intercambiar infrmación sobre transaccións e xestións cotiás, usando un repertorio básico	- Observación sistemática no aula (elaboración de listas de control da ausencia ou presenza de determinadas conductas e accións)
	- Desenvólvese coa debida corrección en xestións e transaccións cotiás	CCL CAA CSC CCEC CD	Interactuar en intercambios estruturados, facéndose entender e facendo por entender	
	- Desenvólvese de xeito simple pero correcto e suficiente nunha conversa formal, reunión ou entrevista	CCL CAA CSC CCEC CD	Producir txtos breves e comprensibles en conversas cara a cara ou por teléfono  Dar e pedir información sobre datos persoais, expectativas, gustos..., sobre asuntos de interese persoal	-Exposicións orais no aula - Exames orais ó remate de cada unidade



BLOQUE 3 : COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	- Comprende e infiere elementos sintáctico-discursivos do texto - Capta o sentido xeral e os detalles importantes en textos xornalísticos breves de temática traballada na unidade	CCL CAA CSC CCEC CD	Utilizar estratexias de lectura para identificar a información máis importante e deducir o significado de palabras non coñecidas	<p>- Control sistemático do traballo do alumn@ na aula e na casa (Caderno de clase, caderno de exercicios, fichas entregadas polo profesor@)</p> <p>- Probas escritas (mínimo unha) no exame ó remate de cada unidade</p>
	Recoñece e comprende o léxico traballado na unidade	CCL CAA CSC CCEC CD	Seguir instrucións e consignas básicas, comprender avisos e obrigas traballados	
	Comprende correspondencia persoal sinxela	CCL CAA CSC CCEC	Comprender a información máis relevante en textos narrativos e descritivos ben estruturados, relativos a súa propia experiencia	
	Entende os puntos principais da correspondencia formal, relativa a asuntos do seu interese, e traballados previamente	CCL CAA CSC CCEC	Identificar a idea xeral e a información máis relevante en textos impresos ou dixitais breves e ben estruturados, sobre temas cotiás e do seu interese, previamente traballados	
	. Entende información específica en páxinas web	CCL CAA CSC CCEC CD		
BLOQUE 4 : PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	- Escribe correspondencia persoal breve na que mantén o contacto social, sobre temas do seu interese e traballados	CCL CAA CSC CCEC	Aplicar estratexias para producir textos a partir de modelos e completar documentos	<p>- Control sistemático do traballo do alumn@ na casa (Caderno de clase, caderno de exercicios, fichas entregadas polo profesor@)</p> <p>- Probas escritas (mínimo unha) no exame ó remate de cada unidade</p>
	- Completa un cuestionario con información relativa á súa formación e ós seus intereses	CCL CAA CSC CCEC	Escribir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións básicas relacionadas con temas cotiás	
	-Escribe notas e mensaxes sobre as temáticas traballadas na unidade, en diferentes soportes	CCL CAA CSC CCEC CD	Escribir mensaxes sinxelas e breves, e textos curtos a partir de modelos e en calquera soporte, cunha presentación limpa e ordenada	
	- Escribe correspondencia formal básica e breve	CCL CAA CSC		



		CCEC CD	Escribir en calquera soporte textos breves en calquera rexistro, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico habitual	
BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL E PLURILINGÜE	- Produce léxico e estruturas básicas intelixibles, no oral e na escrita	CCL CD CAA CCEC	Discriminar patróns sonoros e rítmicos	Observación sistemática do alumn@ na aula  - Probas escritas e orais ó remate de cada unidade e no(s) exame(s)
	- Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias do francés no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito	CCL CAA CSC CCEC CD	Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas e de puntuación	
	- Toma en consideración experiencias e coñecementos noutras linguas nas actividades de aula	CCL CAA CSC CCEC	Utilizar os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos para a produción e comprensión de textos orais e escritos	
	- Participa en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos Temas transversais	CCL CAA CSC CCEC CD CSIEE	Producir textos  Distinguir e levar a cabo o demandado polo propósito comunicativo	
	Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa	CCL CAA CSC CCEC	Participar en proxectos transversais	




**2º BAC**

---

**CONTIDOS 1ª AVALIACIÓN**

	<b>FUNCIONS</b>	<b>ESTRUTURAS</b>	<b>LEXICO</b>	<b>FONETICA</b>
--	-----------------	-------------------	---------------	-----------------



	COMUNICATIVAS	SINTÁCTICO-DISCURSIVAS		
UNITE 1 (6/7 sesións)	Narrar en pasado Expresión do medo e reconforto (diálogo na consulta do médico)	<i>Passé composé et Imparfait Passé récent A duración Adxectivos e pronomes indefinidos Dire, courir, mourir</i>	O corpo humano As enfermidades e os remedios Accidents Catástrofes naturais	Sons específicos do francés Repaso
UNITE 2 (6/7 sesións)	Expresar unha opinión Falar do tempo Falar do futuro (estudios no estranxeiro)	Pronomes de mostrativos neutros <i>Futur simple Situación no tempo Moi aussi/ non plus- Moi non/ si Verbos impersoais Croire, suivre, pleuvoir</i>	O sistema escolar O tempo meteorolóxico	Sons específicos do francés Repaso
UNITE 3 (6/7 sesións)	Expresar sentimentos positivos Dar consellos (seguimento da actualidade)	<i>Conditionnel présent A frase exclamativa Os pronomes relativos dont et où Nominalisation Conclure, résoudre</i>	Os medios , a televisión, os periódicos	Sons do francés. Pronuncia correcta
UNITE 4 (6/7 sesións)	Expresar o arrepentemento e sentimentos negativos (ecoloxismo)	<i>Conditionnel passé Plus-que-parfait et futur antérieur L'accord du participe passé O superlativo Battre, vivre</i>	Animais da granxa e salvaxes O medio ambiente Os espazos naturais Ecoloxismo	Sons do francés. Pronuncia correcta
Exame : (a data concretarase mínimo 3 semanas antes) : segunda/terceira semana novembro				

### CONTIDOS 2ª AVALIACIÓN

	FUNCIÓNS COMUNICATIVAS	ESTRUTURAS SINTÁCTICO- DISCURSIVAS	LÉXICO	FONÉTICA
UNITE 5 (5/6 sesións)	Interactuar Articular o discurso (entrevista na radio, tv...)	Pronomes interrogativos invariables Dobres pronomes Discurso indirecto e presente Interrogación indirecta en presente <i>S'asseoir, (con)vaincre et plaire</i>	Os sentimentos O mundo laboral	Sons específicos do francés Repaso
UNITE 6 (5/6 sesións)	Falar de proxectos (carta dun restaurante) Expresar sentimentos	<i>Hypothèse avec si Futur dans le passé Pronome EN Adxectivos e pronomes indefinidos</i>	Fruta Verdura (alimentos) insectos	Sons específicos do francés Repaso





	negativos (decepción, asco, aburrimiento...)	Plural das palabras compostas <i>Boire et rire</i>		
UNITE 7 (5/6 sesións)	Prometer Poner sobre aviso e reconfortar (páxina web dunha ONG)	<i>Subjonctif</i> Pronome Y A finalidade A pasiva <i>Fuir et haïr</i>	O social A inmigración A <i>banlieue</i>	Sons do francés. Pronuncia correcta
Exame : (a data concretarase mínimo 3 semanas antes) : segunda/terceira semana febreiro				

**CONTIDOS 3ª AVALIACIÓN**

	<b>FUNCIONS COMUNICATIVAS</b>	<b>ESTRUTURAS SINTÁCTICO-DISCURSIVAS</b>	<b>LEXICO</b>	<b>FONETICA</b>
UNITE 8 (5/6 sesións)	Expresar a certitude, a probabilidade, a posibilidade, a dúbida Formular un desexo ou intención Xustificar opinións e eleccións (carta formal)	<i>Indicatif ou Subjonctif?</i> Causa Consecuencia Preposicións <i>Suffire et valoir</i>	Institucións Eleccións A Xustiza	Sons específicos do francés Repaso
UNITE 9 (5/6 sesións)	Formular eloxios e críticas Contar as palabras de alguén (gráficos)	Pronomes relativos compostos O discurso e a interrogación indirectos en pasado Oposición e concesión <i>Acquérir et vêtir</i>	As Belas Artes Pintura Escultura Espectáculos Teatro Musica	Sons específicos do francés Repaso
UNITE 10 (5/6 sesións)	Situar no tempo Expresar a tristeza Invitar a alguén a confiarse (biografías)	<i>Participe présent</i> e adxectivo verbal <i>Gérondif</i> As relacións temporais <i>Croître et mouvoir</i>	O cine A literatura Prosa e poesía	Sons do francés. Pronuncia correcta
Exame : (a data concretarase mínimo 3 semanas antes) : última semana abril/primeira semana maio				

	<b>CC</b>	<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>	<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</b>
COMPRESIÓN DE	CCL CAA CSC CCEC	Persevera no seu proceso de aprendizaxe, axustándose ás necesidades da tarefa e mellorándoo	Coñecer e aplicar estratexias para comprender o sentido xeral e detalles dun texto  Identificar o sentido xeral,	- Observación sistemática no aula (elaboración de listas de



	CCL CAA CSC CCEC CD	Capta o principal e detalles de mensaxes gravadas ou de viva voz que conteñan instrucións, indicacións ou outra información	información esencial, puntos principais e detalles en textos orais breves ou de lonxitude media, de viva voz ou gravados, claramente estruturados, e que traten sobre temas traballados	control da ausencia ou presenza de determinadas conductas e acción
	CCL CAA CSC CCEC	-Comprende, nunha conversa formal ou entrevista, información relevante sobre asuntos prácticos relativos a temas coñecidos	Comprender o esencial e mais relevante en situacións comúns	- Probas orais ó remate de cada unidade
	CCL CAA CSC CCEC	- Comprende o que se lle di en transaccións e situacións cotiás	Comprender o esencial en conversas sinxelas relativas a temas frecuentes do ámbito persoal ou público	
	CCL CAA CSC CCEC	- Comprende unha conversa informal, opinións diversas para intervir nunha conversa ou discusión sobre temas cotiás ou traballados na clase - Comprende información relevante sobre a vida presente e pasada dunha persoa	Comprender o sentido xeral e información esencial de presentación sobre temas coñecidos e programas de televisión ou internet	
	CCL CAA CSC CCEC CD	- Identifica os aspectos mais importantes en presentacións sobre temas coñecidos		
BLOQUE 2 : PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS	CCL CAA CSC CCEC	-Participa activamente en intercambios comunicativos na aula, utilizando a lingua estranxeira	Aplicar estratexias para producir textos orais breves ou de lonxitude media	- Observación sistemática no aula
	CCL CAA CSC CCEC CD	-Fai presentacións breves e ben estruturadas ensaiadas previamente sobre temas traballados	Interactuar en situacións reais ou simuladas	(elaboración de listas de control da ausencia ou presenza de determinadas conductas e acción
	CCL CAA CSC CCEC CD	- Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono , sobre asuntos cotiás	Intercambiar de xeito sinxelo pero eficaz calquera tipo de información en calquera situación, usando un repertorio de léxico e estruturas frecuentes no ámbito público e persoal	-Exposicións orais no aula
	CCL CAA CSC CCEC	-Desenvólvese adecuadamente e utiliza estratexias de comunicación apropiados para facerse entender en situación cotiás ou que poidan xurdir	Producir textos de extensión breve ou media, cara a cara ou por teléfono, en calquera rexistro	-Probas ó remate de cada unidade
			Participar en situacións de comunicación formais, utilizando fórmulas habituais para argumentar e xustificar	



	CCL CAA CSC CCEC CD	Toma parte en conversas formais, entrevistas...sobre temas coñecidos, intercambiando informacións e opinións		
BLOQUE 3 : COMPRENSIÓN D TEXTOS ESCRITOS	CCL CAA CSC CCEC	Localiza fácilmente información específica en textos xornalísticos, en calquera soporte, sobre temas traballados	Utilizar estratexias de lectura para identificar a información mais importante e deducir o que non coñece  Seguir instrucións e consignas básicas, de carácter público e institucional  Comprender información relevante en textos narrativos e descriptivos de certa lonxitude e ben estruturados, sobre temas traballados  Comprender en textos formais un repertorio básico de expresións fixas para poder reaccionar  Identificar a información esencial, puntos mais relevantes e detalles en textos en calquera formato, e escritos en calquer rexistro, que traten temas traballados	- Control sistemático do traballo do alumn@ na aula e na casa (Caderno de clase, caderno de exercicios, fichas entregadas polo profesor@)  - Probas escritas ó remate de cada unidade  Exame de avaliación
	CCL CAA CSC CCC CD	Entende o sentido xeral e información relevante en anuncios e comunicacións públicos		
	CCL CD	Identifica información relevante en instrucións sobre o uso de aparellos		
	CCL CAA CSC CCEC	- Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte, sobre temas coñecidos ou do seu interese		
	CCL CSC CCEC	- Comprende o esencial de correspondencia formal institucional ou comercial como para poder reaccionar en consecuencia		
	CCL CAA CSC CD	Entende información específica importante en páxinas web e outros materiais de consulta que conteñan imaxes		
BLOQUE 4 : PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	CCL CSC CD	Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs... do seu interese	Coñecer e aplicar estratexias axeitadas para elaborar textos escritos sinxelos de lonxitude breve ou media  Completar documentos básicos  Escribir mensaxes breves en calquera soporte  Producir correspondencia formal a partir de modelos básicos  Escribir en calquera soporte textos ben estruturados, breves ou de extensión media, sobre temas traballados, respetando os recursos	- Control sistemático do traballo do alumn@ na casa (Caderno de clase, caderno de exercicios, fichas entregadas polo profesor@)  - Probas escritas ó remate de cada unidade  - Exame de avaliación
	CCL CAA CD	Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral		
	CCL CAA CD	Escribe notas, mensaxes... en calquera soporte, para dar e solicitar información e opinión		
	CCL CSC CCEC CD	Escribe correspondencia formal básica, dirixida a institucións públicas ou privadas, destinadas a pedir ou dar información, solicitar un servizo ou reclamación		



	CCL CCSC CD	Escribe informes nos que da información esencial sobre temas traballados	d cohesión e convencións ortográficas máis comúns	
BLOQUE 5 : COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL E PLURILINGÜE	CCL CAA CCEC	-Produce léxico e estruturas básicas no oral e na escrita	<p>Expresarse con suficiente fluidez para que poida seguirse o fio do seu discurso</p> <p>Utilizar coñecementos socioculturais e sociolingüísticos para a comprensión e produción d textos</p> <p>Producir textos e inferir o significado de palabras ou frases descoñecidas a partir das experiencias e coñecementos doutras linguas</p> <p>Participar en proxectos transversais</p> <p>Levar a cabo as función de mandadas polo propósito comunicativo</p> <p>Recoñcer e aplicar un repertorio léxico de uso común relativo ós contidos traballados</p>	<p>Observación sistemática do alumn@na aula</p> <p>Probas ó remate de cada unidade e exame de avaliación</p>
	CCL CAA CSC CCEC	-Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias do francés		
	CCL CAA CSC CCEC	-Toma en consideración os coñecementos e experiencias noutras linguas nas actividades de aula		
	CCL CSC CCEC CD	- Participa en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados con Elementos Transversais		
	CCL CAA CSC CCEC	-Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa		

**METODOLOXÍA DIDÁCTICA**

**APRENDER UNHA LINGUA ESTRANXEIRA :**



Unha lingua é un instrumento de comunicación que permite ós seus falantes entrar en relación uns cos outros. O aprendizaxe dunha lingua estranxeira non pode acadarse sen o aprendizaxe de dita comunicación. O obxectivo último é, polo tanto, conducir ó alumnado cara a adquisición dunha certa competencia comunicativa en francés.

Tentamos consolidar os coñecementos adquiridos e promover a comunicación real pedindo ó alumnado que comece a reflexionar sobre os aspectos común ou diverxentes entre os tres sistemas lingüísticos : francés, castelán e galego

O punto de partida no noso traballo en clase é o nivel do alumnado. Ó principio partimos de prácticas sinxelas pero despóis estimulamos a reflexión individual e colectiva sobre o sistema da lingua, a capacidade de análise e de síntese.

Tentamos acadar unha **COMPETENCIA COMUNICATIVA** na aula que integra catro subcompetencias :

- A **competencia lingüística** permite utilizar eficazmente a lingua para comunicarse e comprender o vocabulario, os elementos lingüísticos e o su funcionamento, a pronuncia e a ortografía.
- A **competencia pragmática** permite interpretar e producir enunciados en relación cunha intención comunicativa determinada.
- A **competencia estratéxica** permite compensar as lagoas lingüísticas que poidan aparecer durante o intercambio comunicativo.
- A **competencia sociocultural** permite comprender as referencias culturais das que toda lingua é portadora.

Para que todo o plantexamento metodolóxico sexa eficaz é fundamental que o alumnado traballe de forma responsable a diario, que estea motivado para aprender e que participe da dinámica de clase.

As estratexias metodolóxicas empregadas consistirán en:

1. Asegurar a relación das actividades de ensino e aprendizaxe coa vida real do alumnado partindo, sempre que sexa posible, das experiencias que posúe.
2. Diseñar actividades de ensino e aprendizaxe que permitan ao alumnado establecer relacións sustantivas entre os coñecementos e experiencias previas e os novos aprendizaxes, facilitando de este xeito a construción de aprendizaxes significativos.
3. Organizar os contidos en torno a exes que permitan abordar os problemas, as situacións e os acontecementos dentro de un contexto e na súa globalidade



4. Favorecer a interacción alumnado-profesorado e alumnado-alumnado, para que se produza a construción de aprendizaxes significativos e a adquisición de contidos de claro compoñente cultural e social.
5. Potenciar o interés espontáneo do alumnado no coñecemento dos códigos convencionais e instrumentos de cultura. Pero sabendo que as dificultades que estos aprendizaxes comportan poden desmotivarlles, é necesario prevelas e graduar as actividades para levar a cabo ditos aprendizaxes.
6. Ter en conta as peculiaridades de cada grupo e os ritmos de aprendizaxe de cada rapaz ou rapaza concretos para adaptar os métodos e los recursos ás diferentes situacións, e ir comprobando en qué medida se van incorporando os aprendizaxes realizados e aplicándoos ás novas propostas de traballo e a situacións da vida cotiá.
7. Proporcionar continuamente información ó alumnado sobre o momento do proceso de aprendizaxe en que se atopa, clarificando os obxectivos por acadar, facéndolle tomar conciencia das súas posibilidades e das dificultades por superar, e propiciando a construción de estratexias de aprendizaxe motivadoras.
8. Impulsar as relacións entre iguais proporcionando pautas que permitan a confrontación e modificación de puntos de vista, a coordinación de intereses, a toma de decisións colectivas, a axuda mutua e a superación de conflitos mediante o diálogo a a cooperación.
9. Diseñar actividades para acadar a plena adquisición e consolidación de contidos tendo en conta que moitos deles non se adquiren unicamente a través das actividades desenvolvidas no contexto da aula, pero que o funcionamento da escola como organización social sí pode facilitar: participación, respecto, cooperación, solidariedade, tolerancia, liberdade responsable, etc.

<b>MODALIDADE DE AGRUPAMENTO</b>	<b>NECESIDADES QUE CUBRE</b>
<b>Traballo individualizado</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades de reflexión persoal.</li> <li>- Actividades de control e avaliación</li> </ul>
<b>Pequeno grupo (apoió).</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Reforzo para alumnado con ritmo máis lento.</li> <li>- Ampliación para alumnado con ritmo máis rápido.</li> <li>- Traballos específicos.</li> </ul>
<b>Agrupamento flexible.</b>	Resposta puntual a diferenzas en: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Nivel de coñecementos.</li> <li>- Ritmo de aprendizaxe.</li> <li>- Intereses e motivacións.</li> </ul>





<b>Obradoiros.</b>	Resposta a diferenzas en intereses e motivacións, en función da natureza das actividades.
--------------------	---

## RECURSOS DIDÁCTICOS

### - **Libros de texto.** :

1º ESO: **E-DIXGAL** : caderno apoio : Jeu de Mots 1 (Ed. Vicens Vives) e libro dixital

2º ESO: **E-DIXGAL** : caderno apoio : Jeu de Mots 2 (Ed. Vicens Vives) e libro dixital

3º ESO: **E-DIXGAL** ; caderno de apoio : Jeu de Mots 3 (Ed. Vicens Vives) e libro dixital


4º ESO: **TOUS ENSEMBLE 4!**, Ed. Vicens Vives

1º BAC.: **GÉNÉRATION LYCÉE 1** .Ed. Santillana Français

2º BAC.: **GÉNÉRATION LYCÉE 2**, Ed. Santillana Français

É indispensable que o alumnado dispoña do libro de texto , e, no caso do E-DIXGAL, do ordenador persoal. Debe asistir a clase con este material e dispoñer de él na súa casa para o estudo e a realización das tarefas que, a partires do libro, se propoña, así coma un **caderno** no que relizarán as tarefas que lles indique @ profes@r e que deberán levar ó día cunha presentación e corrección axeitadas

- Asimesmo, utilizarán un **Diccionario Bilingüe Francés-Español / Español-Francés** e un **Glosario** elaborado polo propio alumnado no transcurso das aprendizaxes significativas.
- **Materiais de anclaxe, reforzo e profundización:** exercicios e actividades propostos no libro de texto, na carpeta de recursos didácticos, e no Aula Virtual, así coma aqueles que considere oportuno @ profesor@, que éste constrúa e que presente a través de materiais reprográficos ou da Internet
- **Materiais de investigación e consulta:** utilizaránse os existentes no Centro, recursos técnicos: os profesor@s que o estimen oportuno e cando o estimen oportuno utilizarán a biblioteca de aula, a de Centro (libros de lectura, dicionarios, enciclopedias, xornais, revistas...), a aula de informática, a aula de idiomas, reprodutores de vídeo e audio (para a audición de textos orais, cancións...), documentais culturais, música, transparencias,



## AVALIACIÓN

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Terán que ser coñecidos polo alumnado, xa que deste xeito mellora todo o proceso de ensino-aprendizaxe. Se un@ alumn@ sabe qué e cómo se lle vai calificar, poderá facer o esforzo necesario na dirección axeitada para acadar os obxectivos propostos.

A cualificación global da asignatura (en cada trimestre) será o resultado da suma de tódolos instrumentos de avaliación establecidos.

2º e 4º ESO:

✚ (70% da nota final) **PROBAS OBXECTIVAS (ORAIS e ESCRITAS)** ó final de cada unidade ou trimestre, que avaliarán a comprensión oral e escrita e a produción oral e escrita.

✚ (20% da nota final) **SEGUIMIENTO CONTÍNUO E SISTEMÁTICO DO TRABALLO DO ALUMNADO**, a través dun rexistro diario que recollerá :

- A realización e posterior corrección das tarefas na casa e na aula
  - Posta ó día, presentación e corrección do caderno de clase
- (para 4º da ESO :fichas e traballos para entregar)

✚ (10 % da nota final) **OBSERVACIÓN DIRECTA na aula - SEGUIMIENTO E CONTROL** a través dun rexistro diario que recollerá:

- A actitude e a motivación do alumnado
- O esforzo e a participación
- O respecto ós demais e ás súas produción orais
- O comportamento na aula

2º BAC

Ó remate de cada avaliación /trimestre, haberá un exame escrito, baseado do modelo das probas da ABAU para Francés 2º idioma. A nota deste exame comportará un 80% da nota da avaliación. Non haberá exame oral, aínda que os bloques correspondentes á comprensión e expresión de textos orais quedarán avaliados a través doutros instrumentos establecidos nesta programación (10% nota da avaliación)





O seguimento do traballo do alumnado, comportará un 10% da nota da avaliación (maioritariamente redaccións quincenais para entregar)

Se algún@ alumn@ faltase a algún exame , só se lle repetirá coa debida xustificación e despois de falalo c@ seu/súa titor@. Este exame poderá axustarse as necesidades organizativas do Departamento, non sendo necesario que sexa igual ca do grupo-clase (sobre todo a efectos d oral /écoute)

### **AVALIACIÓN INICIAL**

- Permite coñecer cal é a situación de partida do alumnado e comezar dende o principio cunha actuación axustada ás necesidades, intereses e posibilidades do mesmo.
- Realízase ó principio do curso, para orientar sobre a programación, metodoloxía a utilizar, organización da aula, actitudes a desenvolver... En concreto : realízase na(s) primeira(s) semana(s) do curso (mes de setembro)
- Utiliza diferentes técnicas para establecer a situación e dinámica do grupo de clase no seu conxunto e a de cada alumn@ individualmente.
- Medirase a competencia comunicativa d@ alumn@ mediante unha ou mais proba(s) obxectiva(s) oral(is) e escrita(s), para determinar o punto de partida do ensino e metodoloxía do novo curso.
- En 1º da ESO tentaremos identificar os DÉBUTANTS (alumnado con ningún coñecemento da lingua estranxeira) e os FAUX DÉBUTANTS (alumnado con algún coñecemento da lingua estranxeira, xa que cursaron a materia nalgún curso de primaria)

### **AVALIACIÓN CONTÍNUA**

- Valora o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe ó longo do mesmo, polo tanto terá lugar ó longo de todo o curso.
- Orienta as diferentes modificacións que se deben realizar sobre a marcha en función da evolución do alumnado e do grupo, e das distintas necesidades que xurdan.
- Ten en conta a incidencia da acción docente, a través de :
  - Actividades orais: diálogos entre compañeir@s, diálogos c@ profesor@...
  - Actividades escritas: exercicios estruturais e de sistematización, cuestionario sobre lecturas, redacción de diferentes documentos...
  - Actividades individuais ou en grupo: tales como a realización de proxectos.



- Probas obxectivas orais e escritas, realizadas puntualmente, do mesmo tipo cas levadas a cabo no desenvolvemento das clases.
- Suliñar que sempre observaremos o comportamento do alumnado na aula : participación, interese, respecto cara@s compañeir@s, tolerancia á hora de realización de tarefas en grupo...

Ó tratarse dunha materia de avaliación continua, non hai RECUPERACIÓN das avaliacións suspensas: O alumnado que suspenda unha avaliación poderá recuperala ó aprobar a/as seguinte/s, agás a 3ª. O alumnado que suspenda a 3ª avaliación, terá que acudir á avaliación extraordinaria de setembro (Nembargantes, o Departamento poderá estudar a posibilidade de facer unha recuperación **final** extraordinaria en xuño se o considera oportuno)

### **AVALIACIÓN FINAL - EXTRAORDINARIA**

Ó término de cada curso valorarase o progreso global do alumnado na materia, no marco do proceso de avaliación continua levado a cabo.

O alumnado con avaliación negativa poderá presentarse á proba extraordinaria da materia non superada que o centro organizará a finais do mes de xuño

A avaliación extraordinaria na materia de Francés axustarase á proposta de actividades de recuperación e constará alomenos dos seguintes elementos:

- Realización da proposta de actividades de recuperación que o profesorado entregará ó alumnado no mes de xuño, na que se lle facilitará unha relación de actividades tipo, parecidas ás da proba. (40 % de la nota final).
- Proba escrita sobre os contidos e estándares non acadados. Esta proba basearase nos contidos impartidos durante o curso e aplicaranse os mesmos criterios de avaliación que na concreción curricular do departamento, e constará de actividades que farán referencia aos mínimos esixidos reflectidos na programación (60% da nota final).

### **SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE**

O alumnado coa materia de Francés pendente será avaliado polo Departamento de Francés. O Departamento, por mediación da Xefa de Departamento, repartirá ó alumnado coa



materia pendente por cursos e profesor@, de xeito que a tarefa de avaliar sexa competencia de tódolo Departamento.

Para a avaliación da materia pendente, contarase con tarefas específicas deseñadas polo Departamento a tal fin. Estas tarefas entregaránse ó alumnado semanal, quincenal ou mensualmente (segundo o ritmo xeral do curso e o traballo e motivación mostrados polo alumnado) e consistirán en exercicios gramaticais, redaccións, vocabulario... similares ós que se traballan no curso correspondente, intentando nembargantes que se axusten o máis posible ós mínimos esixibles previstos na programación para o dito curso.

Para a realización destas tarefas, o alumnado contará coa axuda d@ profesor@ encargad@ da súa avaliación para resolve-las dúbidas que teña fóra do seu horario lectivo

A realización destas tarefas comportará un 50% da nota final e a non realización das tarefas terá como consecuencia que a cualificación correspondente a este apartado sexa de 0

Asimesmo, o alumnado terá dereito á realización de almenos un exame final en xuño, sobre a materia que teña pendente. A cualificación positiva destes exames comportará un 50% da nota final.

O alumnado que obteña unha cualificación positiva da materia nun curso, obterá a recuperación da mesma materia pendente doutro/s curso/s posterior/es, (sendo a materia da que estamos a falar de contidos progresivos); neste caso, o alumno/a quedará exonerado de face-lo/s exame/s, sendo imprescindible que tivera presentado os traballos de cada avaliación

No que respecta ó alumnado de 2º Bacharelato, estes alumn@s teñen que ter cursada a materia de Segunda Lingua estranxeira I no curso anterior, así que ó inicio do curso se lles fara unha avaliación inicial que recolla os mínimos esixidos nesta programación para acreditar os coecementos necesarios nesta materia, e no caso de ter un resultado negativo na mesma, se lles dará mensual ou semanalmete, material para que podan recuperala do mesmo xeito que se tiveran a materia pendente. A priori, a realización dos exercicios proporcionados será suficiente para acreditar que a materia se recupera, sen perxuicio de facer probas puntuais que coincidan cos períodos de avaliación ordinaria.

**CAMBIO DE SEGUNDA A PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA** : O alumnado que no segundo curso de bacharelato desexe cambiar o idioma da materia primeira lingua estranxeira poderá incorporarse ás ensinanzas da lingua estranxeira II coa autorización do/da director/a do centro e sempre que curse simultaneamente a materia de primeiro curso.




A solicitude de cambio á dirección do centro realizarase no momento da matrícula e, en calquera caso, antes do inicio das actividades lectivas do segundo curso.

A dita materia de primeiro non será computable para os efectos de modificar as condicións en que o alumnado promocionou ao segundo curso.

Será requisito indispensable a superación previa da materia do primeiro curso para poder ser avaliado/a na materia de segundo.

Nos casos en que, por motivo da organización do centro, o alumnado de segundo curso non poida asistir ás clases de Lingua Estranxeira I, esta materia tratarase de forma análoga ás pendentes e o departamento didáctico que a imparte propondrá ao alumnado un plan de traballo con expresión dos contidos mínimos esixibles e das actividades recomendadas e programará probas parciais para verificar a superación desa materia.



**MINIMOS ESIXIBLES PARA ACADAR UNHA AVALIACIÓN POSITIVA**

2º ESO	ESTÁNDARES APRENDIZAXE : GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
BLOQUE 1: COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS	- Comprende preguntas persoais (nome, idade, dirección)
	- Comprende consignas básicas de aula (ouvrez/fermez le livre, tournez la page, écrivez, faites l'exercice...)
	- Comprende frases e expresións relativas ás descripcións, deportes, cidade, roupa e cores, a familia, as actividades cotiás, os medios de transporte
	- Identifica e asocia un texto oral cunha imaxe(saúdos, nomes, material escolar) - Identifica o contexto nun diálogo - Identifica os datos persoais e gustos de personaxes - Comprende o sentido global de textos relativos ás descripcións, actividades de ocio e cotiás, itinerarios, a familia, viaxes, procedentes de medios audiovisuais ou internet
	- Comprende a información esencial dunha conversa breve na que participa, sobre un lugar ou persoa
BLOQUE 2 : PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS	- Amosa unha actitude positiva cara a lingua estranxeira e esforzase por empregala no aula - Pronuncia, aínda con erros, o léxico correspondente á unidade
	- Fai e resposta preguntas persoais (nome, idade, gustos...) sinxelas - <i>Pourquoi?</i> Resposta <i>parce que</i> - Pide e da a hora
	- Participa nunha conversa básica : saúdo-presentación-despedida - Participa e faise entender en conversas informais cara a cara sobre o aspcto físico, a roupa, os deportes, a vila, as actividades cotiás, a familia, as viaxes - Acepta e rexeita unha invitación
	- Preséntase e expón oralmente o que lle gusta, non lle gusta, dí o que leva na mochila, o día da semana - Describe o que leva posto e expón os seus gustos - Describe e fala da súa xornada cotiá usando os verbos pronominales - Presenta á súa familia - Expón unha viaxe
BLOQUE 3: COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	- Lee e comprende textos relativos a actividades cotiás, descripcións físicas a familia, viaxes, medios de transporte, festas - Comprende as instrucións dos exercicios, coa axuda do profesor ou visua
	- Lee e comprende textos sinxelos relativos a gustos persoais, actividades de ocio, roupa que lle gusta, deportes que practica, lugares onde vai
	- Localiza información específica (resposta a preguntas)en textos sobre a roupa, lugares, deportes, activides cotiás e de ocio (horarios-datas) en calquera soporte
BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	- Escribe correctamente o vocabulario correspondente á unidade - Expón por escrito o que lle gusta, non lle gusta, escribe sobre sí mesmo e as súas aficións - Escribe correctamente as estruturas básicas sintáctico-discursivas de cada unidade - Escribe textos sinxelos empregando o léxico da unidade :describese a sí mesmo e a outra persoa, describe á súa familia e a súa xornada habitual, escribe un itinerario e unha viaxe
	- Completa un cuestionario con información básica (nome, idade, gustos, aficións, dirección) - Elabora a súa árbore xenealóxica
	- Escribe notas breves en soporte dixital e en calquera soporte (felicitación de cumpleaños, invitación)
	- Describe os lugares de interés da súa rexión ou país
LINGU A E CONS CIENC I A	- Identifica as letras do alfabeto. Deletrea palabras
	- Escolle o rexistro correcto (tu/vous)



	- Toma en consideración experiencias e coñecementos noutras linguas nas actividades de aula
	- Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa
	Participa en proxectos nos que se empregan varias linguas e relacionados cos Elementos Transversais


4º ESO	ESTÁNDARES APRENDIZAXE : GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN
BLOQUE 1 : COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS	- Persevera no seu proceso de comprensión nas actividades de aula
	-Capta a información mais importante de mensaxes sobre temas traballados na unidade (as profesións, a saúde, as ONG, a música, a moda, as invencións, a cociña, o medioambiente)
	-Entende o que se lle di en situación cotiás nas que se utilicen frases e estruturas sintáctico discursivas traballadas na unidade
	- Entende o léxico traballado na unidade -Comprende un diálogo, unha conversa
	-Recoñece a expresión dos sentimentos -Identifica a frecuencia e a orde lóxica nun diálogo
	- Identifica as profesións, a saúde, a música, a moda, platos francófonos, xestos para conservar o medio ambiente, animais en perigo de extinción...con apoio visual
BLOQUE 2 : PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS	-Da recomendacións, expresa opinións -Describe o estilo e a roupa dun personaxe e o seu propio estilo
	-Responde a un test sobre 1º auxilios -Expresa gustos e preferencias sobre estilos musicais -Intercambia opinións - Describe un obxecto e fala das súas función
	- Participa en conversas utilizando o léxico da unidade
	-Expresa cualidades coa axuda da obriga -Participa nun debate -Expresa ordenes e instrucións -Expresa a frecuencia, a condición - Aconsella
BLOQUE 3 : COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	- Comprende e infiere a pregunta formal e informal - Comprende e infiere elementos sintáctico-discursivos do texto - Comprende información específica dun texto de temática traballada na unidade
	- Recoñece e comprende o léxico traballado na unidade -Asocia unha descripción a unha imaxe - Comprende as función dun obxecto coa axuda das ilustracións.
	-Entende os puntos principais nun debate
	-Entende os puntos principais dun texto sobre : profesións, a saúde, a solidariedade, gustos musicais da xuventude, a música, as invencións, as novas tecnoloxías, a cociña
BLOQUE 4 : PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	-Describe as cualidades -Expresa unha opinión -Da ordenes e instrucións -Da recomendacións, consellos (condición) -Describe o estilo e a roupa dun personaxe, propio



	-Realiza unha ficha sobre as profesións -Crea enquisas sobre temas traballados
	-Escribe textos sinxelos sobre as temáticas traballadas na unidade
	-Realiza unha receita -Expresa diferenzas e semellanzas -Utiliza o imperativo -Compara hábitos pasados e presentes
CONECMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL	-Produce léxico e estruturas básicas
	- Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias do francés
	- Participa en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos Temas transversais
	Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa

2º BAC	ESTÁNDARES APRENDIZAXE : GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
BLOQUE 1 : COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS	-Emprega estratexias de comprensión axeitadas para captar a información requerida
	-Comprende globalmente diálogos pedagóxicos curtos
	-Comprende as explicacións e os comentarios d@ profesor@ e das persoas do grupo sobre as actividades, resultados, aprendizaxe...
	- Comprende propostas, consellos, necesidades e ordes
	- Comprende explicacións, información, comparanzas, apreciacións sobre produtos ou servizos
	- Comprende diferentes saúdos e formulas de cortesía
	- Comprende informacións útiles en monólogos e conversas persoais, profesionais ou vencelladas ó turismo (viaxes, hoteis, transportes, saúde)
BLOQUE 2 : PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS	- Comprende os prezos, modo de pago e cantidades
	- Comprende razoablemente opinións diversas para intervir nunha conversa ou discusión sobre temas cotiás ou traballados na clase
	- Comprende información relevante sobre a vida presente e pasada dunha persoa
	- Comprende presentacións de persoas (físico e carácter) e descripcións de actividades cotiás
	- Comprende información relevante en emisións de radio ou televisión (meteo, reportaxe sobre a vida de alguén)
	- Saúda, preséntase, emprega fórmulas de cortesía
	- Di como é, o que fai habitualmente na casa, no instituto, durante as vacacións, fala de xente que coñece e lles fai preguntas sobre estes temas
BLOQUE 3 : COMPRENSIÓN D	- Di o que lle gusta e o que non
	- Expresa acordo e desacordo, gustos e preferenzas
	- Fala do tempo que vai
	-Pide información sobre as clases e consellos para o seu aprendizaxe
	-Fai preguntas para pedir explicacións, dicir o que non comprende, comenta actividades simple e cotiás
	- Pídelle novas a alguén e reacciona
	- Pregunta e indica un itinerario
BLOQUE 3 : COMPRENSIÓN D	- Pide información e fala de alimentos, produtos ou servizos indicando prezo, características e comparándoos
	- Fala de proxectos, desexos, costumes... no cadro dun proxecto coma unha viaxe
	- Exprésase en frases simples nunha conversa, monólogo ou debate sobre un tema traballado, facendo repetir ou reformulando cando non comprende
	-Comprende un test psicolóxico , unha enquisa, extraídos dunha revista
	-Comprende as consignas das actividades ou as explicacións do libro ou dos textos empregados na clase
	- Comprende textos instructivos moi sinxelos (modo de emprego, consellos de utilización)
	- Comprende o sentido xeral de textos informativos curtos e sinxelos que falan da vida familiar, profesional ou das actividades de ocio
BLOQUE 3 : COMPRENSIÓN D	- Comprende cancións e textos narrativos e descriptivos sinxelos
	- Comprende textos moi curtos : anuncios por palabras e e-mails
	- Comprende invitacións, postais, felicitacións
	- Comprende cartas persoais breves que falen de actividades cotiás, vacacións, viaxes





	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprende anuncios inmobiliarios</li> <li>- Comprende correspondencia formal de petición e información sobre servizos (reserva nun hotel, busca de apartamento)</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprende un plano, un mapa e indicacións escritas</li> <li>- Comprende un folleto turístico sobre un barrio, cidade, rexión...</li> <li>- Comprende menus e receitas de cociña</li> </ul>
BLOQUE 4 : PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Escribe pequenos anuncios e correos electrónicos sobre temas persoais</li> <li>- Escribe textos curtos presentando a persoas e as súas actividades</li> <li>- Escribe cartas amigables que falen de actividades cotiás ou viaxes</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Cubre formularios : estado civil, inscricións a ONGs</li> <li>- Escribe correos electrónicos e cartas formais de petición de servizos : reserva nun hotel, confirmación...</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Escribe menús e receitas de cociña</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Escribe cartas de felicitación ou invitación, postais</li> <li>- Escribe anuncios inmobiliarios</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fai unha lista da compra</li> <li>- Escribe un texto curto con conectores simples describindo un lugar, cidade, rexión...</li> <li>- Escribe un texto curto con conectores para contar un acontecemento e dar elementos biográficos</li> <li>- Escribe textos creativos simple e ben estruturados sobre temas variados (ocio, vacacións, familia, actividades, gustos...)</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Produce léxico e estruturas básicas no oral e na escrita</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias do francés</li> </ul>
BLOQUE 5 : COÑECEMENTO	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Toma en consideración os coñecementos e experiencias noutras linguas nas actividades de aula</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Participa en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados con Elementos Transversais</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa</li> </ul>






**INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO**

Para cada alumn@ e para cada estándar, tomando como referencia o grao mínimo de consecución esixible para cada estándar, establecerase a seguinte táboa :

@ ALUMN@:		PROPOSTAS DE ACTUACIÓN
ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Acada o grao mínimo sen dificultades e mesmo o amplía
		Acada o grao mínimo, aínda que ás veces con algunha dificultade
		Acada o grao mínimo pero con moitas dificultades
		Non acada o grao mínimo


**INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A PRÁCTICA DOCENTE**

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
@ DOCENTE:		
1. Realiza a avaliación inicial ó comezo do ano escolar para axustar a programación ó nivel do alumnado		
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade		
3. Resume os contidos fundamentais vistos antes de pasar a un contido novo		
4. Cando se introducen novos contidos, relaciónaos se é posible cos xa coñecidos		




5. Está predispost@ a aclarar dúbidas e ofrece consellos dentro e fóra da clase		
6. Mellora o tempo disponible para o desenvolvemento de cada unidade		
7. Utiliza axuda das novas tecnoloxías (audiovisuais, Internet...) para apoiar a explicación de contidos		
8. Revisa con frecuencia os traballos propostos, en clase e fóra da clase		
9. Proporciona a información necesaria para a resolución de tarefas e cómo melloralas		
10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación n función dos contidos, nivel do alumnado...		
11. Favorece os procesos de autoevaluación e coevaluación		
12. Propón novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos cando éstos son suficientemente acadados		
13. Propón novas actividades dun nivel máis alto cando os obxectivos son suficientemente acadados		
14. Anima o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes		

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE






TRATAMENTO DA DIVERSIDADE INDIVIDUAL		MEDIDAS DE ATENCIÓN	GRAO DE CONSECUCIÓN
<b>DIVERSIDADE NA COMPRENSIÓN</b>	Non ten ninguna dificultade para comprender os contidos	Seleccionar contidos con un grao máis alto de dificultade	
	Comprende os contidos, aínda que ás veces con dificultade.	Seleccionar contidos máis significativos con respecto á súa realidade	
	Ten dificultades para comprender os contidos propostos	Seleccionar os contidos mínimos e expoñelos simplificando a linguaxe e a información gráfica.	
<b>DIVERSIDADE NA FORMACIÓN E DESENVOLVEMENTO</b>	Non ten dificultades	Reforzalos a través de actividades que lles permitan pór en práctica as súas capacidades.	
	Ten pequenas dificultades	Propór tarefas nas que a dificultade sexa progresiva en función das capacidades que van ser adquiridas.	
	Ten dificultades	Seleccionar tarefas en función das capacidades do alumnado que lles permitan acadar os contidos mínimos esixibles.	
<b>DIVERSIDADE NO INTERESE E A MOTIVACIÓN</b>	Amosa interese e motivación	Continuar reforzando o interese e a motivación.	
	O seu interese e a súa motivación non destacan	Animar o interese e a motivación con actividades e tarefas variadas.	
	Non amosa interese nin motivación	Animar o interese e a motivación con actividades e tarefas máis procedimentais e próximas da súa realidade.	
<b>DIVERSIDADE NA RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS</b>	Atopa solucións ós problemas que xorden en tódalas situacións	Continuar promovendo esta capacidade.	
	Atopa solucións ós problemas que xorden nalgúns situacións	Propór problemas cada vez máis difíciles	
	Ten dificultades para atopar solucións ós problemas que xorden	Propór problemas en función das súas capacidades para desenvolverlas.	
<b>DIVERSIDADE NA COMUNICACIÓN</b>	Exprésase con claridade e corrección tanto no escrito coma no oral	Propór tarefas que continúen a perfeccionar a expresión oral e escrita.	
	Ten algunhas poucas dificultades para expresarse no escrito e no oral	Propór algunhas tarefas e debates para que o alumnado os empregue para mellorar a expresión oral e escrita.	
	Ten moitas dificultades para expresarse no escrito e no oral	Propór actividades adaptadas ó seu nivel para que o alumnado acade os instrumentos necesarios e poida mellorar	



**ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

<b>Comprensión lectora</b> <b>Expresión oral e escrita</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Na materia de Francés forman parte da programación no senso de que son Bloques e específicos. Trabállanse en tódolos contidos do currículo</li> </ul>
<b>Comunicación audiovisual</b> <b>Uso das TIC</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Forman parte da metodoloxía empregada na aula de xeito habitual.</li> <li>▪ As aulas de 1º E 2º da ESO son aulas Abalar</li> <li>▪ Temos acceso `aula de informática para traballar cos alumnos</li> </ul>
<b>Emprendemento</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Actividades ó final de cada unidade que contribúen ó desenvolvemento do razoamento crítico a partir da observación e a análise da información.</li> <li>▪ Traballos en equipo</li> </ul>
<b>Educación Constitucional e Cívica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ A negociación na aula.</li> <li>▪ Expresión de opinións personais.</li> <li>▪ Respetto polas opinións e intervencións dos outros.</li> </ul>
<b>Educación para a saúde</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Vida sana: deportes e afeccións, viaxes (formadores da personalidade). Temas específicos en tódolos libros de texto</li> </ul>
<b>Educación para a paz</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Busca da información de outro tipo de culturas e interés por outras formas de vida.</li> <li>▪ Busca de situacións inxustas de desigualdade no ambiente que lles rodea e proposta de posibles solucións.</li> </ul>
<b>Educación non sexista</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ A través do acercamento ó mundo da lectura, cómics, cine e publicidade, analizar criticamente a realidade e corregir prexuízos sexistas.</li> </ul>



## **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRASCOLARES**

O Departamento de Francés quere achegar a 2ª lingua estranxeira a tódolos membros da comunidade educativa, e para iso colabora nas actividades desenroladas pola Biblioteca nas diferentes conmemoracións que se celebran ó longo do curso (día da Muller, día da Paz, día de Europa...) participando así activamente con murais, exposicións, xogos... etc realizados polos alumnos/as de francés

Asimesmo, temos tamén o obxectivo de achegarnos ó resto de alumnado e profesorado a través de celebracións propias do Mundo Francófono, xornadas gastronómicas, obradoiros de literatura francesa... así coma unha sempre disposta colaboración nas actividades previstas polos demais departamentos

Para este curso, o Departamento de Francés ten programadas as seguintes actividades

### **1. Colaboración en proxectos de centro:**

- Proxecto Lector
- Participación en proxectos europeos e de innovación educativa
- Proxecto interdisciplinario
- Actividades na Biblioteca

### **2. Actividades propias da área de francés:**

- Proxeccións de filmes
- Asistencia a obras de teatro en francés
- Correspondencia vía correo, e-mail, vídeos conferencias con centros francófonos asociados
- Intercambio cun instituto francés e viaxe a París (alumnado de 4º ESO)

### **3. Conmemoracións**

Para informar, motivar a reflexión e espertar a solidariedade arredor das problemáticas de interese xeral, o departamento de Francés dedicará un tempo á análise e á comparanza intercultural, realizando actividades normais da clase que traten esas problemáticas globais e colaborando con outras áreas do centro en actividades extraordinarias que coincidan coas seguintes datas (aproximadas):

16 de outubro: Día mundial da alimentación



- 17 de outubro: Día mundial da erradicación da pobreza  
20 de novembro: Día dos dereitos do neno e da nena  
1 de decembro: Día mundial da SIDA  
3 de decembro: Día internacional das persoas con discapacidades  
6 de decembro: Día da Constitución española  
10 de decembro: Día dos dereitos humanos  
30 de xaneiro: Día escolar da non-violencia e da paz  
8 de marzo: Día internacional da muller traballadora  
15 de marzo: Día internacional do consumidor  
21 de marzo: Día para a eliminación da discriminación racial  
22 de marzo: Día mundial da auga  
7 de abril: Día mundial da saúde  
23 de abril: Día do libro  
9 de maio: Día de Europa  
31 de maio: Día mundial sen tabaco  
5 de xuño: Día mundial do medio ambiente

#### MECANISMOS DE CONTROL E SEGUIMIENTO DA PROGRAMACIÓN

O procedemento para realizar o seguimento da PROGRAMACIÓN farase coincidir cas SESIÓNS DE AVALIACIÓN nas que se considerarán entre outros os seguintes aspectos:

- **Sesión de avaliación trala Avaliación Inicial.** Nesta sesión de avaliación, como consecuencia da valoración realizada na avaliación inicial, estudarase se a planificación prevista é a axeitada en canto a:

- Se o alumnado posúe os coñecementos previos necesarios para abordar esta concreción curricular e, no caso contrario, medidas a adoptar.

- Os contidos a desenvolver e a secuenciación dos mesmos.

- Se as estratexias metodolóxicas previstas son as máis axeitadas para este grupo.

- A organización temporal prevista.

- Se o tipo de actividades previstas é o axeitado ó grupo.

- **Sesións da Primeira e Segunda Avaliación.** Nestas sesións de avaliación analizarase o desenvolvemento da concreción curricular valorando os seguintes aspectos :

- Se o alumnado vai adquirindo os coñecementos e competencias previstas.



- Se a organización temporal da mesma está sendo axeitada.
- Se as estratexias metodolóxicas desenvolvidas son as máis axeitadas.
- Balance xeral e propostas de mellora.

**- Sesión da Terceira Avaliación.** Nesta sesión realizarase unha avaliación do desenvolvemento da concreción curricular facendo un maior fincapé nos seguintes aspectos :

- Grao no que se desenvolveu a concreción curricular
- Valoración dos resultados académicos, é dicir, en qué grao se acadaron os aprendizaxes e competencias básicas previstos no alumnado.
- En qué medida funcionaron as propostas de mellora introducidas nas anteriores sesións de avaliación.
- Análise xeral: valoración do acadado, análise das posibles causas das dificultades atopadas, propostas de mellora e/o revisión dalgúns aspectos da concreción curricular.



